



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN
SECUNDARIA DE FOZ

IES DE FOZ
Rúa Castelao s/n
27780 Foz-Lugo
982 870287
ies.foz@edu.xunta.gal



IES DE FOZ

PLAN DE CONVIVENCIA



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN
SECUNDARIA DE FOZ

IES DE FOZ
Rúa Castelao s/n
27780 Foz-Lugo
982 870287
ies.foz@edu.xunta.gal





1.-INTRODUCCIÓN

1.1. XUSTIFICACIÓN

O plan de convivencia ten como finalidade educar integramente ao alumnado e establecer estratexias preventivas ou de intervención que contribúan á mellora da convivencia.

O plan de convivencia está baseado en:

1. A educación ten que ir máis aló da mera adquisición de coñecementos, hábitos e técnicas dos distintos campos do saber. Por tanto, ten que estenderse e proporcionar ás persoas a capacidade de asumir os seus deberes e exercer os seus dereitos dentro dos principios democráticos da convivencia, baseados no respecto á liberdade dos demais e ao uso responsable da propia, á vez que no exercicio da solidariedade e a tolerancia.
2. O instituto ten como finalidade última a educación integral do seu alumnado e un dos obxectivos fundamentais que se debe perseguir é a aprendizaxe e tratamento dos conflitos dende a perspectiva dunha cultura pacífica, baseada no diálogo, na xustiza, na solidariedade e a tolerancia.
3. Posto que a mellora de convivencia non se acada só dende a ameaza e o castigo, búscase a participación de todos os implicados no ámbito educativo para establecer as normas que non obstaculicen nin inciten á rebeldía, senón que, polo contrario, asuman como propias e axuden ao enriquecemento, tanto a nivel persoal (exercendo unha liberdade responsable) como nas nosas relacións cos demais (dende o respecto ás liberdades dos demais, dende a comprensión dos seus trazos diferenciais e baixo o prisma da solidariedade).

1. 2. PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN

O noso plan de convivencia rexerese por unha serie de valores e principios xerais que inspirarán todas as actuacións do plan que se realicen no centro.

O "respecto aos Dereitos humanos" como punto de partida

O respecto aos Dereitos humanos será a primeira fonte da nosa regulamentación como ideal polo que esforzarnos nun centro que convive e educa, e ademais, por entender que é un acordo e un compromiso que debe asumir todo o alumnado para a súa convivencia no futuro.

A "educación en valores"

Na educación transmítense e exercítanse os valores que fan posible a vida en sociedade e adquírense os hábitos de convivencia e respecto mutuo. Por isto, a



formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia é un dos fins primordiais que debe acadar o sistema educativo.

Á consecución deste fin deben contribuír non só os contidos formativos, senón tamén, o réxime de convivencia establecido no centro.

A "solidariedade", a "participación" e a "cooperación"

Unha comunidade non se pode entender sen a participación de todos, é dicir, todos deben compartir tarefas, e metas aceptadas pola comunidade nun ambiente de diálogo e de colaboración que contén con toda a comunidade: profesorado, alumnado, familias, institucións da contorna,...

O principio de atención á diversidade

Basease na obrigação dos Estados e os Sistemas Educativos de garantir a todos o dereito á educación recoñecendo a diversidade das súas necesidades, combatendo as desigualdades e adoptando un modelo educativo aberto e flexible que permita o acceso e a permanencia escolar de todo o alumnado sen excepción.

O compartir un "proxecto de educación inclusiva"

Un dos principais desafíos que, como profesores, detectamos é proporcionar ao alumnado unha educación de calidade, na que ninguén quede excluído. Isto esixe recoñecer o dereito de todas as persoas a participar con igualdade de oportunidade e logros nas aprendizaxes básicas, compartindo un mesmo currículo e un espazo escolar ordinario.

Partir dun concepto de "convivencia relacional"

Defendemos un concepto de convivencia relacional na que a interacción entre todos os membros da comunidade permitirá a través dun proceso de diálogo e cooperación, ir progresivamente mellorando a nosa convivencia e na que sexa máis importante previr e mellorar.

Pretendemos por tanto, que os eixes fundamentais do noso Plan de Convivencia sexan: a prevención, a corrección, a mellora e reeducación como proceso sistemático continuado a curto, medio e longo prazo.

O manter a "coherencia como liña educativa do centro"

O presente Plan de Convivencia terá sempre como referente o Proxecto Educativo do centro, sendo os principios e valores que se recollen nel as pautas que caracterizarán todas as actuacións do mesmo.



Necesariamente hai que estar ao servizo do centro e das súas necesidades polo que deberá contar coas características mínimas de flexibilidade, adaptación á novas necesidade, e coa posibilidade de revisión e avaliación continua

1.3. MODELO DE XESTIÓN DA CONVIVENCIA

Existen distintos estilos na abordaxe dos conflitos, nas liñas de solución habituais aos mesmos, e un contexto de maior ou menor regulación formal das decisións que afectan á convivencia

Dende o IES de Foz, consideramos necesario un modelo eminentemente educativo, coñecido como modelo integrado cos seguintes piares básicos: prevención, negociación e sanción. No centro debe coexistir un sistema de normas e de correccións xunto a outras que ofrezan a prevención e o diálogo para buscar solucións aos conflitos.

2. ANÁLISE DA SITUACIÓN, PARTINDO DUN DIAGNÓSTICO PREVIO DA CONVIVENCIA NO CENTRO.

2.1. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DO SEU ENTORNO

O IES de Foz atópase situado na Mariña de Lugo.

Leva funcionando dende o ano 1978 e é un dentro que engloba diferentes tipos de ensinanza: ESO, Bacharelato, Ciclos Formativos de Grao Medio e Grao Superior, Formación Profesional Básica, unha aula específica EPA,...

Ten adscritos os CEIPS N°1 de Foz, O Cantel de Foz e o CEIP Fondo-Nois. A maioría do alumnado deste centros incorpórase ao IES para cursar a ESO.

En Bacharelato incorpórase alumnado dos centros concertados Nosa Señora do Pilar e Martínez Otero. Así como alumnado do IES de Alfoz.

2.2. ANÁLISE E VALORACIÓN DO CONTORNO SOCIO-ECONÓMICO E CULTURAL

En canto aos distintos sectores da actividade laboral das familia do alumnado:

- Sector primario (pesca, agricultura)
- Sector secundario (construción)
- Sector terciario (sector servizos)



A maioría dos traballos son de xornada completa isto significa que frecuentemente o alumnado encontrase sen a presenza de ambos pais todo o día.

Dentro do sector terciario os traballos que máis destacan son os relacionados coa ensinanza, coa sanidade e a industria.

O ambiente familiar e socioeconómico é moi variado no centro, unha parte das familias do centro proceden dun nivel económico, social e formativo medio ou medio-alto, e outro grupo formado basicamente por unha clase traballadora e asalariada.

2.3. HORARIOS E CURSOS

O horario lectivo do centro é de luns a venres pola mañá e a tarde dos luns. A entrada das ensinanzas obrigatorias é ás 9:00 ata ás 14:30 cun recreo de 11:30-12:00. O horario das ensinanzas postobligatorias é de 8:50-14:30 cun recreo de 12:20-12:50. E os luns de 16:00-17:40.

Este curso na ESO contamos cos seguintes grupos:

- 1º ESO: tres grupos e un agrupamento flexible
- 2º ESO: dous grupos e un agrupamento flexible
- 3º ESO: dous grupos e un agrupamento flexible
- 4º ESO: dous grupos
- Unha aula de educación especial

Ensinanzas Postobligatorias:

- Bacharelato: catro grupos, dous de primeiro e dous de segundo.
- Ciclos formativos de Grao Medio. Cociña e Gastronomía: dous grupos, un de primeiro e outro de segundo. Servizos en Restauración: dous grupos, un de primeiro e outros de segundo.
- Ciclos Formativos de Grao Superior: un grupo de segundo ano de Dirección de Cociña
- Un grupo de FP Dual de segundo ano de Dirección de Servizos en Restauración.
- Formación Profesional Básica. Cociña e Restauración: dous grupos, un de primeiro ano e outro de segundo ano.
- Dous grupos ESA e dous grupos de BAC de adultos.

2.4. SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO



Podemos considerar como bastante aceptable o nivel de convivencia no centro. Non se pode, porén, "baixar a garda", senón que hai que seguir traballando aspectos como o seguimento das normas, a xestión da aula, a comunicación e implicación de todos os membros da comunidade educativa na mellora da convivencia, uso do diálogo e a mediación como a forma máis adecuada para resolver as diferenzas.

Tamén é importante a mellora dos rendementos escolares tendo en conta medidas de tipo organizativo, metodolóxico, curriculares e de atención á diversidade; non podemos esquecernos de que nas aulas encontramos unha variedade de alumnado que presenta, ás veces, un desfase curricular, así como outro tipo de alumnado con escasa motivación.

2.4.1. Respostas do centro ante a situación de conflito

Nestes momentos o centro ten adoptado uns protocolos de actuación ante as situacións de conflito máis frecuentes tales como falta de disciplina nas aulas e problemas entre alumnos. En ambos casos, e unha vez que o/a profesor/a teña identificado/ a persoa responsable ou responsables, o proceso consiste en redactar un parte de faltas, enviar o alumno á xefatura de estudos ou responsable do equipo directivo que se atope neses instantes, que falará con el, aclarará a situación e decidirá a corrección correspondente en función do historial de faltas acumuladas polo alumnado ata ese instante e a gravidade da mesma.

As condutas leves prexudiciais para a convivencia no centro levan aparelladas tres días de suspensión do dereito de asistencia ao centro, consecuencia da comisión de tres faltas de orde.

Así mesmo, se os feitos foron moi graves, abrírase un expediente segundo o establecido no NOF.

2.4.2. Experiencias e traballos previos en relación coa convivencia

Previamente á elaboración e posta en práctica do Plan de Convivencia, atenderemos tres aspectos:

- Clarificar e xustificar a proposta de elaboración do plan ante a Comunidade Educativa.

Faise a través do debate sobre a necesidade de levar a cabo este Plan no seo da Comunidade Educativa. Debemos chegar a un acordo sobre a necesidade e a finalidade do Plan.

- Clarificar e difundir os principios que deben orientar a convivencia no centro.



O modelo de convivencia que se quere desenvolver no Centro é un modelo democrático. A nosa experiencia vén dada polas nosos propios sinais de identidade como Centro Público, cunha ideoloxía neutral, baseada no respecto ás ideas políticas e relixiosas de todos os membros da comunidade escolar.

Como consecuencia, fomentaremos a participación do alumnado, familiar e axentes sociais na xestión democrática do Centro, respectando os roles de cada quen.

A nosa liña metodolóxica establece que se favorecerá no alumnado a capacidade para aprender, para traballar en equipo, para a prevención de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar, social e laboral.

Terase en conta tamén que o/a alumno/a no só está no centro para formarse academicamente, senón que ao longo da súa permanencia no IES debe velarse pola súa formación como persoa, estimulando actitudes e valores como a tolerancia, a responsabilidade, o respecto ou espírito crítico que faciliten a socialización do alumnado.

Dende todos os órganos de coordinación docente, preténdese favorecer propostas educativas que axuden ao centro a conseguir a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, así como no exercicio da tolerancia e a liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, a desenvolver a motivación do alumnado pola aprendizaxe e a mellorar a cohesión e as relacións internas de cada grupo.

Participaremos naqueles proxectos que teñan como finalidade potenciar a convivencia pacífica, a educación para a prevención de conflitos e para a súa resolución pacífica, así como a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

- Creación das condicións e estruturas que permitan o seu desenvolvemento

Para levar a cabo o Plan contamos co Equipo Directivo que transmite a pertinencia de elaborar o Plan e propiciar os medios posibles para o seu axeitado desenvolvemento.

Para axeitar o Plan ás necesidades do Centro e poder levalo á práctica, é necesaria a implicación do profesorado a través dos órganos e estruturas de coordinación pedagóxica co Centro.

Para favorecer a participación efectiva das familiar, daráselle cumprida información, organizando, incluso, algunha actividade formativa específica.

O alumnado poderá facer as súas propostas, unha vez informados nas sesións de Titoría, grupos de debate ou Xunta de Delegados.

Da mesma maneira, os Departamentos, poden recibir e transmitir información, facer propostas de actuación, elevar demandas de formación e asesoramento,... durante o proceso e desenvolvemento do Plan.



3. OBXECTIVOS

O Plan de Convivencia do noso centro ten como obxecto promover e desenvolver actuacións relativas ao fomento da convivencia. Pretendemos favorecer a resolución pacífica e educativa dos conflitos que se presenten.

Darase prioridade a aquelas actuacións preventivas destinadas ao coñecemento previo dos dereitos e deberes de todos os membros da comunidade educativa e das normas necesarias para unha convivencia pacífica e respectuosa.

Implicarase a todos os sectores da comunidade educativa (profesorado, alumnado, familias, persoal de administración e servizos, na difusión, aplicación e seguimento do Plan de Convivencia.

Os obxectivos serán os seguintes:

- Desenvolver unha intervención preventiva como medio para lograr un bo clima de convivencia.
- Cimentar as relacións persoais no respecto mutuo, a comprensión, a solidariedade e a interiorización das normas de convivencia.
- Reducir ao mínimo as condutas inadecuadas que perturban o clima de clase para evitar a conflictividade e diminuír as condutas moi graves.
- Dar prioridade á resolución dos conflitos mediante o diálogo, a negociación e o esforzo conxunto do profesorado e o alumnado.
- Actuar ante os conflitos, sempre que sexa posible, de xeito positivo e construtivo para a prevención dun conflito futuro.
- Proceder ante os problemas de conduta seguindo uns principios de actuación coherente que orienten as intervencións de todo o profesorado, evitando contradicións que desorienten o alumnado.
- Analizar as causas das condutas inadecuadas e procurar resolvelas como paso previo para solucionar problemas de convivencia.
- Utilizar as medidas punitivas como último recurso para solucionar os problemas de convivencia, e só cando as estratexias motivacionais e educativas non deran resultado ou a non intervención poida xerar males maiores.
- Fomentar a realización de actividades que potencien o respecto á diversidade.
- Concienciarnos de que a mellora da convivencia e o logro dun bo clima educativo facilita o proceso de ensino-aprendizaxe.



- Fomentar a colaboración con outras institucións sociais da zona (servizos sociais, centros de acollida,...)
- Axudar ao alumnado a formar unha imaxe axustada de si mesmos, das súas características, calidades, posibilidades e limitacións que lles permitan canalizar de forma equilibrada a súa actividade e contribúa ao seu benestar.
- Promover valores e comportamentos que: rexeiten a violencia de xénero, defendas os valores persoais, repudien as burlas, fobias, ameazas e violencia contra integrantes da comunidade LGTB, estimulen a tolerancia doutras culturas, razas, costumes e a súa integración nunha sociedade libre e igualitaria.
- Saber convivir cos conflitos, reflexionar sobre as súas causas e propoñer solucións creativas e pacíficas aos mesmos.
- Sensibilizar á comunidade educativa ante os problemas ambientais e o efecto dos nosos comportamentos habituais sobre o equilibrio do entorno.
- Promover a intolerancia ante condutas de maltrato animal, destrución do ecosistema, entorno natural e a súa diversidade.
- Impulsar pautas de comportamento ante o tratamento de residuos urbanos, contaminación acústica, salubridade do entorno e defensa da vida para todos os seres vivos.
- Recoñecer os valores que existen na diversidade de individuos e culturas, desenvolvendo a capacidade de cooperar cos demais.
- Favorecer o desenvolvemento persoal rexeitando diferenciacións exclusivas entre homes e mulleres, valorando á persoa independentemente do seu sexo, sexualidade, ámbito social, etcétera.
- Facilitar modelos reais de actitudes pacíficas, responsables e solidarias fronte aos continuos modelos violentos presentes nos medios de comunicación.
- Favorecer o traballo en equipo, a colaboración e a busca compartida de solucións aos problemas habituais na convivencia do alumnado no IES.
- Colaborar coa ANPA para que poida organizar actividades dirixidas á formación das familias.
- Posta en marcha do servizo de mediación como ferramenta para mellorar a convivencia do centro.

Con esta serie de obxectivos preténdese favorecer as seguintes actitudes:



- Asunción por parte de todos os membros da comunidade educativa de que a convivencia é tarefa de todos.
- Tolerancia e respecto á dignidade e igualdade de todas as persoas, independentemente da súa condición, sexo, relixión, cultura, raza, nacionalidade, ideoloxía.. e rexeitamento de calquera tipo de discriminación
- Respecto e cumprimento das normas de convivencia do centro; e coidado no uso das dependencias e o material.
- Concienciación de que estamos suxeitos a dereitos e deberes; e de que existen límites que hai que respectar.
- Recoñecemento e aceptación da existencia de conflitos interpersoais e grupais.
- Valoración do diálogo como instrumento de resolución dos conflitos.
- Romper o silencio cómplice que adoita establecerse en torno as agresións e condutas inadecuadas aprendendo a denunciar situacións de acoso, maltrato, intimidación, discriminación e inxustiza.
- Mellora do autocontrol, autovaloración e autosuperación.
- Tratar con respecto e consideración a todos os membros da comunidade educativa.
- Estudar con aproveitamento, así como respectar o dereito ao estudo dos/as compañeiros/as.
- Respectar a dignidade, integridade, intimidade, ideas e crenzas de todos os membros da comunidade educativa.
- Non discriminar a ningún membro da comunidade educativa por razón de nacionalidade, reza, sexo, relixión ou calquera outra circunstancia persoal ou social.
- Coidar e utilizar correctamente os bens e instalacións do centro.
- Participar na vida e funcionamento do centro.
- Non realizar actividades prexudiciais para a saúde nin incitar a elas.
- Aprender habilidades pacíficas e non violentas na resolución de conflitos.
- Manter unha actitude crítica antes os usos verbais e non verbais de contidos e formas que supoñan unha discriminación social, racial, sexual, etcétera.

4.ACTIVIDADES PREVISTAS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

4.1. A NIVEL XERAL



- Coñecemento do plan por todos os sectores da comunidade educativa para a súa aplicación, seguimento e avaliación, a través das distintas xuntanzas dos órganos colexiados e de carácter pedagóxico, reunións dos pais/nais e da ANPA.
- Nos cursos da ESO, colocación dunha caixa de correo a disposición do alumnado para que os/as alumnos/as inseguros, con medos e temores a posibles represalias poidan comunicar á titoría as presuntas situacións de maltrato, agresións, acoso, intimidación, etcétera.

4.2. DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS E COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA (CCP)

- Incluír nas programacións dos departamentos actividades para traballar co alumnado a formación de actitudes, valores e normas, estimulando actitudes e valores como a responsabilidade, a igualdade entre homes e mulleres, a tolerancia ou o respecto, que faciliten a socializacións do alumnado de maneira cívica. E axuden á diversidade e previr o fracaso escolar.
- Planificación nas programacións didácticas de situacións de "aprendizaxe cooperativo". Ditas aprendizaxes melloran a convivencia, axudan a crear un clima positivo na aula e dan resposta á diversidade de alumnado.

4.3. ACCIÓN TITORIAL

- Acollida e integración do alumnado. Cando un alumno/a se incorpore ao centro unha vez comezado o curso nomearase, un titor/a de acollida que será outro alumno/a do grupo que proporcionará información e acollida de tipo persoal, organizativa e académica.
- Coñecemento do grupo-clase.
- Apoio da figura dos/as delegados/as de clase.
- Comunicación da Normas de Organización e Funcionamento (NOF), dereitos e deberes dos/as alumnos/as, participación, elección de delegado/a, organización do grupo clase, normas de convivencia e disciplina, Plan de Convivencia, etcétera.
- Revisión continua das incidencias de convivencia e coordinar o diálogo na clase para a resolución dos conflitos.
- Sesións de avaliación: O/A titor/a, antes de despois das avaliacións, comentará cos/as alumnos/as as normas de convivencia, problemas de disciplina, etcétera, e chegará a acordos de mellora co grupo de alumnos/as.



- Comunicación á Xefatura de Estudos, segundo o procedemento establecido no NOF e neste Plan de Convivencia, dos incumprimentos das normas de convivencia.
- Fomento da colaboración das familias co centro para previr e abordar as posibles situacións contrarias ás normas de convivencia, alteracións de comportamento, acoso e intimidación.
- Colaboración co Departamento de Orientación cando o caso e os procedementos de actuación o requiran.

4.4. PROFESORADO

- Promoción da formación permanente do profesorado no complexo mundo das relacións interpersoais: habilidades sociais, resolución de conflitos, estratexias para fomentar a participación, intervención ante problemas de conduta, violencia, etcétera.
- Detección nas sesións de avaliación non soamente de problemas de aprendizaxe senón tamén posibles problemas de integración, adaptación, problemas de conduta, acoso e intimidación para poder abordalos tanto a nivel individual como grupo.
- Implicación do profesorado no desenvolvemento de actuacións e procedementos proxectados non Plan de Convivencia.
- Comunicación o/a titor/a e á Xefatura de Estudo dos incumprimentos das normas de convivencia, alteracións de comportamento, acoso e intimidación que observen no alumnado.
- Fomentar na tarefa docente os seguintes aspectos básicos:
 - * O traballo e o esforzo.
 - * As técnicas de estudo.
 - * A autonomía persoal e organización do grupo.
 - * O reparto de funcións entre o alumnado.
 - * A variedade nas formas de agrupar.
 - * Respecto a todos os membros da comunidade educativa.
- * Impulsar o coidado do material e das instalacións.

4.5. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- Propostas de mellorar para a aplicación do Plan de Convivencia.



- Asesoramento, no caso de que a problemática o requira, nos procedementos de alteracións de comportamento, acoso e intimidación.
- Axuda ao alumnado con actitudes inadecuadas, cos/coas compañeiros/as ou contra a comunidade educativa en xeral, actividades para corrección das mesmas.
- Participación nas sesións de avaliacións iniciais e ordinarias.
- Axudar os/as titores/as, na medida do posible, con materiais, cuestionarios, documentos, bibliografía, etc para levar a cabo as actividades do Plan de Convivencia.

4.6 FAMILIAS

- Coñecemento do Plan de Convivencia e do NOF a través de: Reunións de pais/nais, entrevistas co/titor/a, participando no Consello Escolar, reunións da ANPA,...
- Información da existencia dunha caixa de correos de suxestións a disposición do alumnado da ESO nas aulas por se as circunstancias o requiren.
- Colaboración co centro nas medidas ao alumnado no caso de incumprimento das normas de convivencia, acoso, agresión e intimidación coa finalidade de modificar ditas condutas e favorecer o desenvolvemento positivo da personalidade do alumnado.
- Participación nas reunións convocadas pola dirección do centro e o/a titor/a a fin de poder ter un contacto directo entre o centro e as familias.

4.7. PERSOAL NON DOCENTE

- Información ao Equipo Directivo de calquera situación que observen de condutas inadecuadas, agresións, acoso e intimidación, alteracións do comportamento, para a súa inmediata intervención.
- Colaboración nas horas de recreo e nos cambios de clase, por ser momentos especialmente propicios para que se produzan condutas contrarias ás normas de convivencia, alteracións de comportamento, acoso e intimidación.

4.8. ANPA

- Fomento da participación dos pais/nas e/ou titores legais na vida de centro.
- Organización, se é posible, de charlas, debates,.. sobre temas que redunden nos valores do centro:
 - * Responsabilidade e tolerancia.
 - * Resolución pacífica de conflitos.



- * Aprender a controlarse, poñer límites e tolerar fracasos.
- * Coso e intimidación e estratexias para abordalo.
- * Adolescencia e xuventude.

4.9. ACTIVIDADES RELACIONADAS CON OUTRAS INSTITUCIÓN

- Concello.
- Organizacións non gobernamentais.
- Deporte Educación e Igualdade.
- Policía Local.

5. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR

De conformidade ao protocolo de prevención e detección do acoso escolar e ciberacoso elaborado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria seguindo o mandato establecido no artigo 30.2 da Lei4/2011, do 30 de xuño, o Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro e a orde 23 de agosto de 2023, o noso obxectivo é seguir as liñas marcadas neste protocolo para evitar que se produzan situacións relacionadas co mesmo. Deste xeito, abordamos a identificación dunha situación de acoso escolar ou ciberacoso e as estratexias de prevención do mesmo.

5.1. EQUIPO ACAE

É o equipo encargado de levar adiante as medidas establecidas no protocolo elaborado pola Xunta de Galicia, no referente á detección e intervención ante posibles casos de acoso e ciberacoso escolar. Deixarase constancia da súa constitución para cada intervención a través do Anexo 2.

COMPOSICIÓN E FUNCIONS

- A dirección do centro recibirá, en todo caso, a comunicación dos feitos. Ademais, será a que realice as oportunas comunicacións as familias, representantes legais, inspección educativa e outros axentes externos de ser o caso.



- O equipo ACAE xestionará todas as demais actuacións posteriores á comunicación dos feitos. Este estará formado como mínimo por tres membros do claustro, entre os cales aconsellase que se atopen os seguintes:

+ Xefe/a do Departamento de Orientación.

+ Coordinador/a de Benestar e Convivencia.

+ Un/unha profesor/a nomeado/a pola dirección do centro para cada caso en función do alumnado implicado que será a persoa instrutora do procedemento corrector, de ser o caso.

Este equipo solicitará a colaboración da persoa designada pola dirección do centro como responsable da atención á vítima, recollida no artigo 30.2c) da Lei 4/2011, así como de persoas de confianza, pertencentes ao centro, de todo o alumnado implicado.

En xeral, as funcións deste equipo serán as seguintes:

- Revisión diaria e cribado de posibles denuncias no Punto Laranxa contra o Acoso e Ciberacoso escolar.
- Rexistro da comunicación dos feitos ante a dirección do centro.
- Comprobación da veracidade dos feitos comunicados.
- Determinación da existencia de indicios de acoso.
- Apertura, de ser o caso, dunha investigación.
- Adopción, de ser necesario, de medidas inmediatas.
- Elaboración do ditame derivado da investigación.
- A apertura, cando proceda, do protocolo.
- Reunión coas persoas implicadas en presenza da familia ou representantes legais, unicamente no caso de apertura do protocolo.
- Pechamento, cando proceda, do protocolo.
- Seguimento e avaliación das medidas adoptadas.

5.2. ACOSO E CIBERACOSO ESCOLAR

ACOSO ESCOLAR: entendemos por acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo recibidos por un/unha alumno/a por parte dun/dunha ou de máis iguais, de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza.



CIBERACOSO ESCOLAR: modalidade de acoso producido a través das TRIC, como poden ser a mensaxería instantánea, as redes sociais ou Internet en xeral. Pode incluír a difusión de rumores a través da rede, a publicación de información falsa, a suplantación de identidade, o acoso sexual ou o envío de mensaxes ameazantes, humillantes e insultantes a través de Internet, entre outros comportamentos.

Moitas das accións vinculadas ao ciberacoso, sempre que sexan cometidas coa intención de acosar directamente a vítima ou de incentivar o acoso por parte doutras persoas, poden ser considerados delitos. Algúns exemplos os seguintes:

- Publicación de imaxes comprometidas ou de datos delicados.
- Creación de perfís falsos.
- Alta da vítima en servizos en liña.
- Obtención de datos persoais suplantando a identidade da vítima.
- Roubo de sesións abertas en equipamentos compartidos.
- Creación ou publicación de información ou imaxes de carácter vexatorio a través da intelixencia artificial.

5.2.1. Tipos de acoso

- Acoso físico: pode ser directo (sobre apropiada vítima: golpes, empurróns, etc.) ou indirecto (danos ás súas propiedades ou a outras persoas próximas a vítima).
- Acoso verbal: pode ser directo (insultos, ofensas, berros, burlas, humillacións, etc.) ou indirectos (difusión de rumores negativos, discriminacións, etc).
- Acoso psicolóxico: Ameazas, intimidacións, manipulación, chantaxe ou extorsión. Este tipo de acoso tamén abrangue a exclusión social, a través da cal se impide a participación e/ou inclusión da vítima, ou se ignora a súa presenza no grupo.
- Acoso sexual: calquera acto violento ou agresión baseados nunha situación de desigualdade no marco cun sistema de relación de dominación que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico.

5.2.2. Criterios de identificación do acoso escolar.

Para determinar se hai ou non acoso ou ciberacoso escolar hai que analizar globalmente as circunstancias de cada caso, as repercusións da problemática creada para as persoas implicadas e a súa evolución no tempo.

Criterios de identificación:



- Continuidade no tempo: unha condición indispensable para ser considerado acoso ou ciberacoso escolar.
- Desigualdade: desequilibrio de poder físico, psicolóxico, numérico e/ou social, incluíndo o derivado do dominio das TRIC, entre a vítima e a/s persoa/s acosadora/s de xeito que a vítima non sexa quen de defenderse.
- Intencionalidade: Expresase na intención consciente de facer dano (físico, verbal ou psicolóxico) a unha persoa co obxectivo de convertela en vítima. Non se trata dun descoido nin dun acto fortuíto.
- Personalización: os ataques prodúcense cara a unha mesma persoa, que é colocada desta forma nunha situación de indefensión.
- Repetición: a vítima recibe de forma continuada e sistemática ataques de diferente tipo, desde unha ou varias fronteas e durante un tempo continuado.

No caso do ciberacoso, unha soa mensaxe ou imaxe difundidas a través das redes sociais pode ter un efecto multiplicador que converte unha única intervención nunha maior vulnerabilidade nas vítimas:

- Indefensión: a reacción típica da persoa agredida é non dicir nada. Tamén hai unha indefensión alta, ao non atopar ningunha axuda do grupo para saír da situación.
- Rexeitamento: as accións realizadas non son aceptadas pola vítima, pese a que o/a agresor/a as describen como unha broma ou xogo.
- Invisibilidade: as accións calcúlanse para realizar en espazos físicos ou virtuais, poucos frecuentados polas persoas adultas e en tempos escolares con menor supervisión.
- Inhibición das persoas observadoras: as situacións de acoso normalmente son coñecidas por terceiras persoas que non contribúen suficientemente para que cese a agresión. A vítima está soa fronte a quen a agride, e poucos ou ningunha das persoas observadoras a apoian ou a defenden.

5.3. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN CASO DE ACOSO OU CIBERACOSO ESCOLAR

A intervención ante posibles casos de acoso ou ciberacoso escolar abrangue varias FASES.

Toda a información que figure en todos os documentos empregados e que se recolla en cada fase do protocolo terá carácter confidencial de acordo coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.



FASE 1: COMUNICACIÓN DOS FEITOS E PRIMEIRA VALORACIÓN

FASE 1.1. COMUNICACIÓN DOS FEITOS

Calquera membro da comunidade educativa ou calquera persoa coñecedora dunha posible situación de acoso ou ciberacoso escolar deberá informar o equipo directivo do centro o antes posible. Así o coñecemento dun posible caso de acoso ou ciberacoso escolar pode provir das seguintes fontes:

- Alumnado.
- Persoal docente e non docente.
- Familias ou representantes legais.
- Inspección educativa.
- Fiscalía de menores.
- Forzas e corpos de seguridade.
- Outros axentes (persoas relacionadas coas actividades extraescolares ou deportivas, outros membros do barrio, etc).
- Punto Laranxa contra o Acoso e o Ciberacoso Escolar físico ou virtual.
- Equipo ACAE.

Para o rexistro da comunicación dos feitos empregarase o ANEXO 1. Rexistro de comunicación dos feitos, que debe ser cuberto e asinado pola dirección do centro.

FASE 1.2. PRIMEIRA VALORACIÓN DOS FEITOS

A dirección do centro trasladará ao equipo ACAE toda a información para realizar unha primeira valoración dos feitos. Da constitución deste equipo quedará rexistro a través do ANEXO 2. Constitución do equipo ACAE, e o resultado da valoración recollerase no ANEXO 3. Primeira valoración dos feitos comunicados, que será cuberto e asinado polos membros do equipo e entregado á dirección do centro.

- a. Se o equipo ACAE non aprecia a existencia de indicios de acoso ou ciberacoso escolar e non determina a necesidade de apertura dunha investigación, a dirección do centro informará á xefatura de estudos sobre a necesidade de establecer as medidas educativas oportunas para abordar as faltas contrarias á convivencia ou gravemente prexudiciais, de acordo co NOF do centro
- b. Se o equipo ACAE aprecia a existencia de indicios de acoso ou ciberacoso escolar, determinarase a necesidade de apertura dunha investigación.

FASE 2: INVESTIGACIÓN E DITAME

FASE 2.1. INVESTIGACIÓN



Despois de concluír que os feitos comunicados conteñen indicios de acoso ou ciberacoso escolar, o equipo ACAE procederá a iniciar unha investigación da cal quedará constancia a través do ANEXO 4. Investigación e ditame.

Trátase dun proceso confidencial que ten como obxectivo confirmar ou descartar a necesidade de apertura do Protocolo de Acoso ou Ciberacoso Escolar. Todas as actuacións realizadas deberán ser recollidas documentalmente a través do ANEXO 4.

O protocolo que deberá seguir o equipo ACAE durante a investigación ser o seguinte:

- Observación directa e sistemática nas zonas de risco (patios, corredores, entradas e saídas da clase, cambios de clase, comedor, etc.) co fin de recoller datos sobre as relacións do alumnado no centro, as características das súa interacción, os niveis de agresión existentes, as situacións en que se producen agresións, etc.
- Realización das entrevistas que o equipo ACAE estime oportunas, como mínimo as seguintes: ANEXO 4.1.
- + Posibles vítimas.
- + Posibles persoas acosadoras.
- + Persoas espectadoras.
- + Persoas que informa dos feitos (de ser o caso).

Estas entrevistas serán realizadas por un ou dos membros do equipo ACAE, co obxectivo de obter información desde todas as perspectivas.

Algunhas consideracións:

- Nesta fase de investigación non é obrigatorio informar ás familias nin ás persoas representantes legais. Porén, se o equipo ACAE considera oportuna a súa participación, poderá facelo e terá que rexistrarse documentalmente.
- A partir desta fase, cando se produce a apertura do protocolo, as comunicacións e citacións ás familias ou representantes legais son obrigatorias no caso de persoas implicadas menores de idade non emancipadas.
- As persoas implicadas poderán contar cunha persoa do centro da súa confianza para realizar o acompañamento durante a entrevista, deixando constancia desta situación a través do ANEXO 4.2.

Medidas inmediatas:

Paralelamente á investigación -ou antes, se a situación así o require-, poderanse establecer medidas inmediatas:

- Vixilancia por parte do equipo ACAE nos lugares onde teña lugar o suposto acoso.



- Acompañamento da posible vítima por persoas da súa confianza.
- Seguimento diario polo/a docente de confianza da posible vítima.
- Separación das persoas implicadas nos lugares uso común.

FASE 2.2. DITAME

Concluída a investigación, o equipo ACAE analizará a información recollida e fará unha valoración da situación, que será rexistrada a través do ANEXO 4.

- Se no ditame SE DESCARTA a posible situación de acoso ou ciberacoso escolar, o IES dará o proceso por concluído e non se iniciará o protocolo. Así e todo, a dirección do centro informará á xefatura de estudos sobre a necesidade de establecer as medidas educativas oportunas para abordar as faltas contrarias á convivencia ou gravemente prexudiciais, de acordo co recollido no NOF do centro.

A decisión de non abrir o protocolo poderase modificar con posterioridade se os datos indican unha variación da situación en sentido oposto. Neste caso, estableceranse as medidas educativas e correctoras que determine a xefatura de estudos.

- Se no ditame SE CONFIRMA a posible situación de acoso ou ciberacoso escolar, o equipo ACAE iniciará o protocolo e trasladará á dirección do centro a necesidade de apertura do procedemento corrector común das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

Ao mesmo tempo, a dirección do centro designará unha persoa responsable da atención á presunta vítima entre o profesorado do centro, deixando constancia a través do ANEXO 5.

Todas as intervencións realizadas polo equipo ACAE pasarán a formar parte do protocolo de acoso e ciberacoso escolar.

FASE 3: APERTURA DO PROTOCOLO

FASE 3.1. COMUNICACIÓN ÁS FAMILIAS E Á INSPECCIÓN EDUCATIVA

A dirección comunicará oficialmente, a través de medios físicos ou telemáticos, a apertura do protocolo ás familias e/ou representantes legais das persoas implicadas, e estas serán convocadas a unha reunión a través do ANEXO 6. e enviarase unha copia á inspección educativa.

FASE 3.2. REUNIÓN COAS PERSOAS IMPLICADAS EN PRESENZA DA FAMILIA OU DOS/AS REPRESENTANTES LEGAIS

En presenza das familiar ou de representantes legais, o equipo ACAE informará das medidas inmediatas adoptadas, as actuacións realizadas e a información resultante das investigacións previas. Ademais, recollerá a nova información achegada pola persoa implicada, e deixará constancia de todo o anterior a través do ANEXO 7.



FASE 4. PECHAMENTO DO PROTOCOLO

Rematadas as reunións, o equipo ACAE comunicará á dirección do centro as conclusións que levan consigo o pechamento do protocolo.

A través do ANEXO 8 a dirección do centro notificará esta situación ás familias ou representantes legais, con copia á Inspección Educativa e, de ser o caso, a outros organismos.

FASE 5. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DAS MEDIDAS ADOPTADAS

As medidas propostas polo equipo ACAE levan asociado un seguimento do seu desenvolvemento, adaptada a temporalización proposta e a continuación ás circunstancias concretas de cada situación, e deixarase constancia a través do ANEXO 9.

A temporalización proposta é a seguinte:

- Primeiro mes: recollida de información quincenalmente.
- Segundo mes: recollida de información mensualmente.

Manterase este seguimento o tempo que se considere necesario.

As follas de seguimento serán entregadas ao finalizar o curso á dirección do centro; incluíranse no expediente do protocolo e facilitarase unha copia ao profesorado titor do alumnado implicado do curso seguinte (sempre que o alumnado permaneza no mesmo centro), co fin de detectar unha posible repunta da situación.

5.4. ADOPCIÓN DE MEDIDAS EDUCATIVAS DURANTE TODO O PROCESO DE INTERVENCIÓN DO EQUIPO ACAE

ACTUACIÓNS COA VÍTIMA

- Garantir protección, seguridade e apoio emocional.
- Manter, modificar ou ampliar as medidas inmediatas de protección.
- Introducir medidas de reforzo á súa autoestima, medidas para evitar ou paliar a auto-culpa, actividades de educación emocional, destrezas de autoprotección, habilidades sociais, comunicación asertiva, manexo da ansiedade, etc.
- Realizar titorías individualizadas.
- Abordar o estrés postraumático, derivar aos servizos sanitarios, de ser o caso.
- Crear unha rede apoio e ampliar o círculo social e de relación entre iguais.
- Acompañar por grupos de compañeiros/as previamente formados/as.



- Separa fisicamente do alumnado acosador. Nun principio, o cambio debe afectar a este último, a non ser que a vítima pida expresamente o contrario.

ACTUACIÓNS COAS PERSOAS AGRESORAS

- Actuacións educativas na aula de convivencia do centro.
- Inicio do procedemento corrector.
- Titorías individualizadas.
- Claridade na mensaxe de tolerancia cero con calquera conduta contraria á convivencia, análise da gravidade da situación.
- Reparación e compensación dos danos causados.
- Programas de colaboración e cooperación de manexo e control da agresividade e da ira, de habilidades sociais, de empatía, etc.

ACTUACIÓNS COAS PERSOAS ESPECTADORAS

- Tarefas de reflexión e análise das consecuencias persoais e sociais da unión a grupos con condutas contrarias á convivencia, do consentimento e do silencio ente estas.
- Tarefas relacionadas co deber persoal e social de denuncia de situacións de acoso ou ciberacoso escolar e as consecuencias de non facelo. Importancia de pedir axuda e superar o medo a ser sinalado/a por denuncias.
- Conciencia sobre o uso do Punto Laranxa contra o Acoso e o Ciberacoso Escolar.

ACTUACIÓNS COAS FAMILIAS OU REPRESENTANTES LEGAIS

- Realizar un seguimento e acordar un calendario de reunións ou contactos. Débense fomentar relacións que promovan o fluxo de información, a colaboración e o compromiso na resolución da situación.
- Achegar pautas de actuación e hábitos adecuados.
- Informar sobre posibles apoios externos e o seguimento destes.

ACTUACIÓNS CO EQUIPO DOCENTE

- Unificación dos criterios de observación, seguimento e actuación.
- Orientacións sobre como intervir positivamente na situación e como facer a observación e o seguimento desta.
- Intervencións e/ou pautas orientadoras para a abordaxe do caso na aula.



6. A COMISIÓN DE CONVIVENCIA

6.1. COMPOSICIÓN

Segundo o Decreto 8/2015 a Comisión de Convivencia constituirase no seo do Consello Escolar, terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións, por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto neste decreto, non plan de convivencia e nas normas de convivencia.

A comisión de convivencia, na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Estará composta polas persoas representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos e tamén por un persoa representante da titularidade do centro, todas elas na mesma proporcións en que se encontran representadas no consello escolar do centro ou órgano equivalente. Será presidida pola persoa titular da dirección do centro ou por delegación desta, na xefatura de estudos. Unha das persoas integrantes actuará como secretaria/o que levantará acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia non centros educativos corresponde ou director/a por proposta do colectivos representados. Os seus membros poden coincidir cos do consello escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente.

6.2. PLAN DE REUNIÓN

Manteranse tres reunións de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

Pódese chegar o acordo que as reunións se fixen no seo do Consello Escolar cando este sexa convocado.

6.3. FUNCIÓNS E PLAN DE ACTUACIÓN

A comisión de convivencia terá as seguintes funcións:

1. Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do plan.



2. Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
3. Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
4. Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
5. Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro as persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
6. Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar ao consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
7. Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
8. Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao corresponde servizo territorial de Inspección Educativa.
9. Aqueloutras que lle sexan encomendadas pola consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración Educativa con competencias na materia.

Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e ao obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento dos/as profesionais do departamento de orientación, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do/a educador/a social do concello ou de outros/as profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan incidir na mellora da convivencia.



7. NORMAS DE CONVIVENCIA. DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA EN Á CONVIVENCIA ESCOLAR

Segundo se establece no título II da Lei 4/2011, do 30 de xuño, e no capítulo II do Título I do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, os dereitos e deberes de convivencia e participación directa dos diferentes membros da comunidade educativa son os seguintes:

7.1. DEREITOS E DEBERES DAS NAIS E PAIS E OU DOS/AS TITORES/AS LEGAIS

As nais e pais ou os/as titores/as legais, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos/as, son titulares dos seguintes dereitos de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

1. A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
2. A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración dos seus fillos ou fillas ou pupilos/as, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
3. A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
4. A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos/as.
5. A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración Educativa.

Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos/as, teñen os seguintes deberes:

1. Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centro docente.
2. Coñecer as normas establecidas polo centro docente, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
3. Fomentar o respecto polos restantes membros da comunidade educativa.
4. Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos/as.



7.2. DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO

Recoñéceselle ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

1. A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
2. A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
3. Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra a situación de acoso escolar.
4. A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración Educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.
5. A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

Son deberes básicos de convivencia do alumnado:

1. Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros e compañeiras á educación.
2. Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecendo como autoridade educativa do centro.
3. Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre homes e mulleres e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
4. Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
5. Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
6. Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.
- 7.- Seguir as directrices do profesorado respecto das súa educación e aprendizaxe.
8. Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

7.3. DEREITOS E DEBERES DO PROFESORADO

Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:



1. A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
2. A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
3. A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
4. A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
5. Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
6. A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración Educativa, nos termos previstos na título IV desta lei.
7. A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

Son deberes do profesorado:

1. Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
2. Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndoas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
3. Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
4. Informar ás nais e pais ou ás/aos titoras/os legais sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos/as, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.
5. Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións de convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

7.4. DEREITOS E DEBERES DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E DE SERVIZOS



Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

1. A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
2. A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e oral.
3. A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
4. Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
5. A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración Educativa, nos termos previstos no título IV des lei.

Son deberes do persoal de administración e de servizos:

1. Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
2. Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
3. Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións de convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
4. Gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.
5. Colaborar activamente na recollida selectiva establecida no centro para levar a cabo unha reciclaxe efectiva.



8. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO IES DE FOZ

8.1. PUNTUALIDADE E ASISTENCIA A CLASE

- A primeira hora da mañá e despois dos dous recreos o profesorado extremará a súa puntualidade.
- Todo profesorado, estea ou non de garda, impedirá a circulación do alumnado polos corredores sen xustificación pedagóxica. Igualmente impedirá a estancia do alumnado nos corredores durante os cambios de clase.
- Non se poderá acceder ás aulas ata as 8:50 para o alumnado de postobligatoria e ata ás 9:00 para o alumnado da ESO. Non se permitirá a saída da aula ata que toque o timbre.
- O alumnado que chegue tarde, con 10 minutos máximo de atraso poderá incorporarse á aula. O profesorado deberá rexistralo como falta de puntualidade. Os atrasos inxustificadas e as faltas inxustificadas poderán ser consideradas condutas contrarias ás normas de convivencia e ser obxecto de medidas correctoras.
- Calquera falta de asistencia deberá ser xustificada de maneira oficial, A ausencia do alumnado a unha proba de avaliación deberá ser comunicada con antelación, se estaba prevista, e necesariamente xustificada con documentación. Se non estaba prevista, a falta só será xustificada cando exista unha documentación médica ou de carácter oficial. Só neste últimos caso o profesorado estará obrigado a facer unha nova proba.
- Ocultarse no servizo ou noutras dependencias, durante as horas de clase é considerado falta grave.
- O control do absentismo está especificado no protocolo de prevención do absentismo escolar. Iniciarase o expediente de absentismo cando o alumnado teña ausencias inxustificadas por enriba do 10% do horario lectivo mensual (aproximadamente 13 sesións lectivas ao mes).

8.2. NORMAS NAS AULAS

- O alumnado disporá dunha aula limpa e ordenada. É tarefa do grupo que a ocupa mantela nese estado, para iso o/a titor/a empregará as horas de titoría que considere necesarias. Para facilitar o traballo do persoal de limpeza, ao remate da xornada escolar o alumnado deixará as mesas colocadas en orde, e sobre estas, as cadeiras. O profesorado que imparte a última sesión na aula, será o responsable co cumprimento desta norma.



- Con permiso do profesorado poderase beber auga nas clases, máis non se permite subir ás aulas e demais de pendencias con comida nin bebida.
- O alumnado absterase de manipular os ordenadores portátiles, o encerado así como o canón ou calquera outro material informático que haxa na aula sen a presenza dun/dunha profesor/a.
- Salvo excepcións que o/a profesor/a valorará, non se concederán permisos para acudir ao baño durante as horas de clase, nin no intercambio de clases. Neste caso, non poderá saír máis dun/dunha alumno/a á vez.



9. CRITERIOS DE ACTUACIÓN RESPECTO AO ALUMNADO QUE DIFICULTA A CONVIVENCIA ESCOLAR.

Serán OBXECTO DE CORRECCIÓN DISCIPLINARIA as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.

Así mesmo, poderán corrixirse disciplinariamente as condutas do alumnado que, aínda que realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros ou compañeiras ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar consonante o establecido neste documento.

As posibles condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas mediante o uso de medios electrónico, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión coa actividade escolar considéranse incluídas no ámbito de aplicación desta lei.

9.1. RESPONSABILIDADE E REPARACIÓN DE DANOS

1. O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por descoido, nas instalacións e materiais do centro, incluídos os equipo informáticos e o software, e os bens de outros membros da comunidade educativa, ou facerse cargo do custe económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou se non fose posible, a indemnizar o seu valor.

As/os nais/pais ou titoras/es legais serán responsables civís.

2. Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, hai que reparar o dano material mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, en público ou en privado segundo corresponda á natureza dos feitos, e de acordo co que determina a resolución que impoña a corrección da conduta.

3. O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecidos anteriormente é compatible coas correccións disciplinarias que correspondan.

9.2. TIPOS DE CONDUCTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA

1. As condutas contrarias á convivencia nos centros docentes clasifícanse en condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e condutas leves contrarias á convivencia.



2. Cando calquera membro da comunidade educativa entenda que os feitos poden ser constitutivos de delito ou falta, deberá comunicalo á dirección do centro para a súa remisión á Administración Educativa e ao Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas cautelares oportunas.

9.2.1. Condutas leves contrarias á convivencia

Considéranse condutas leves contrarias á convivencia:

1. A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente na actividade docente.
2. A reiteración de tres faltas inxustificadas de puntualidade.
3. As faltas inxustificadas de asistencia.
4. A sinxela desobediencia ao profesorado, ou autoridade académica cando non comporte actitudes de menosprezo, insulto ou indisciplina deliberada, así como non atender ás indicacións do resto do persoal do centro docente no exercicio das súas funcións.
5. As actitudes, xestos ou palabras desconsideradas contra os membros da comunidade educativa.
6. Os actos inxustificados que perturben levemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
7. Utilizar intencionadamente as pertenzas de compañeiros ou compañeiras contra a súa vontade.
8. Usar indebidamente o material didáctico e demais pertenzas dos membros da comunidade educativa.
9. Portar o centro docente equipos, materiais, prendas de vestir ou aparatos prohibidos polos órganos de goberno do centro docente dentro do seu ámbito de competencia.
10. Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando con constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia.
11. Consumir alimentos ou bebidas nas aulas, biblioteca, pavillón e corredores.
12. Utilizar o equipamento do centro docente electrónico, mecánico, telefónico, informático ou de calquera clase sen autorización ou para fins distintos dos autorizados.



13. Copiar ou facilitar que outros alumnos ou alumnas copien en exames, probas ou exercicios que poidan servir para a cualificación, ou utilizar neles material ou aparatos non autorizados.
14. Deambular polos corredores, permanecer neles ou nas inmediacións das ventás das aulas sen permiso do/a profesor/a correspondente.
15. Facilitar a entrada ao centro docente de persoas non autorizadas ou entrar con elas en contra das normas de convivencia ou instrucións dos órganos de goberno do centro docente.
16. Circular polo recinto escolar con bicicletas, motos, automóbiles, ou calquera outro tipo de vehículo, en non estacionalos no aparcadoiro correspondente.
17. Non participar nas actividades programadas polo centro, agás causa xustificada.
18. As expresións leves de ameaza, insulto, inxuria ou ofensa contra os/as compañeiros/as ou contra outros membros da comunidade educativa cando non estean sinaladas como conduta gravemente prexudicial nas normas de convivencia.
19. Impedir a outra persoa, sen utilizar a violencia física, que faga algo ao que ten dereito ou obrígala, igualmente sen chegar a empregar a violencia física, a que fago algo en contra da súa vontade.
20. Os xestos ou actitudes contra os demais membros da comunidade educativa que poidan interpretarse inequivocamente con intentos ou ameazas de agresión.
21. A agresión física ou psicolóxica contra calquera membro da comunidade educativa sempre que sexa espontánea e non deliberada.
22. Os actos de discriminación leve contra os membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
23. Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina leve.
24. Os danos leves causados por negligencia, ou mediando uso indebido, ás instalacións ou materiais do centro docente, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
25. As actuacións levemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.
26. Utilizar imprudentemente obxectos que poidas causar lesións físicas a calquera membro da comunidade educativa.



27. Subtraer modelos de exame ou copias das respostas, así como difundilos, vendelos ou marcalos.
28. Non entregar os boletíns de notas ou calquera outro documento ou notificación aos pais, nais ou representantes legais, no caso do alumnado menor de idade.
29. O incumprimento consciente de acordos validamente adoptados pola Comisión de Convivencia.
30. A utilización de alarmas e/ou teléfonos móbiles e outros aparellos electrónicos segundo a Orde do 4 de xaneiro de 2024.
31. Os comportamentos perturbadores no autobús ou no comedor escolar, tanto de carácter individual como colectivo, cando non constitúan conduta gravemente prexudicial para a convivencia.
32. Mentir, dar información falsa ou negarse a acreditar a propia identidade ao persoal do centro docente.
33. Calquera outro incumprimento dos propios deberes que non constitúan un impedimento, atranco ou perturbación do exercicio dos dereitos dos demais membros da comunidade educativa, cando non estea sinalado como conduta gravemente prexudicial ás normas de convivencia.

9.2.2. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro docente:

1. As agresións físicas ou psíquicas deliberadas e premeditadas, as inxurias e as ofensas graves, feitas verbalmente, por escrito ou por medios informáticos ou audiovisuais, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
2. Os actos de discriminación grave contra os membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
3. Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
4. A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal ou familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
5. As actuacións que constitúan acoso escolar constante.
6. A suplantación de personalidade en actos da vida docente.



7. A falsificación, alteración ou substracción de documentos académicos tanto en soporte escrito como informático.
8. Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais do centro docente, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
9. Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
10. As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, como son, entre outras, o consumo de tabaco, alcohol, drogas, ou incitación a elas.
11. Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar ditos obxectos.
12. A reiteración, nun mesmo curso escolar, de tres condutas leves contrarias á convivencia.
13. O incumprimento das sancións impostas.
14. O acoso sexista, entendido como calquera comportamento verbal, non verbal ou físico non desexado dirixido contra unha persoa por razón de seu sexo e co propósito ou efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa ou de crear un contorno intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo.
15. Provocar ou involucrarse en altercados ou condutas agresivas que impliquen risco grave de provocar lesións.
16. Os actos de desobediencia aos órganos de goberno unipersoais do centro docente ou aos profesores e profesoras cando vaian acompañados de manifestación de indisciplina ou de expresións insultantes, despectivas, desafiantes ou ameazadoras, así como ao resto do persoal do centro docente no exercicio das súas funcións.
17. Todas as condutas leves contrarias á convivencia, se concorren circunstancias de colectividade ou de publicidade intencionada, sexan estas por procedementos orais, escritos, audiovisuais ou informáticos, así como cando formen parte dunha situación de maltrato entre iguais.
18. As condutas perturbadoras da orde no autobús ou no comedor escolar que cren situación de risco para calquera membro da comunidade educativa.
19. Calquera acto cometido conscientemente que constituiría delito ou falta penal.



20. Calquera outra conduta que supoña o incumprimento dos propios deberes cando vaia directamente contra o dereito á saúde, á integridade física, á liberdade de expresión, de participación, de reunión, de non discriminación, ou á honra, á intimidade e á propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa ou doutras persoas.

9.3. AS MEDIDAS CORRECTORAS

1. As correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador, garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora da convivencia no centro docente.

2. En todo caso, na corrección das condutas contrarias á convivencia aplicaranse os seguintes principios:

a) Ningún/ningunha alumno ou alumna poderá ser privado/a do exercicio do seu dereito á educación nin, no caso da ESO, do seu dereito á escolaridade. Para estes efectos, non se entende como privación do dereito á educación a imposición das correccións previstas no NOF que supoñan a suspensión da asistencia ás clase ou cambio de centro.

b) Non se poderán impoñer correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.

c) A imposición das correccións previstas respectará a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.

d) Terase en conta a idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais. Para estes efectos, poderanse solicitar os informes que se consideren necesarios sobre as mencionadas circunstancias e recomendar, de ser o caso, ás nais e pais ou ás/aos titoras/es legais ou ás autoridades públicas competentes a adopción de medidas necesarias.

9.3.1. Gradación das medidas correctoras

Para a gradación das medidas correctoras tomarase en consideración os seguintes criterios:

a) O recoñecemento espontáneo de carácter incorrecto da conduta e, se é o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.

b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.

c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos da conduta, das súas imaxes ou da ofensa.

d) A natureza dos prexuízos causados.



e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, se se trata dun alumno ou alumna, por razón da súa idade, de recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia.

9.3.2. Prescrición das medidas correctoras

As medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que se impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

9.3.3. Medidas correctoras da condutas leves contrarias á convivencia

As condutas leves contrarias á convivencia poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a xefatura de estudos.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividade extraescolares e complementarias do centro por un período ata de dúas semanas .
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g) Suspensión do dereito a asistencia a determinadas clase por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. Tamén terá que acudir a exames e probas de carácter cualificador.

9.3.4. Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia



As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia poden ser corrixiadas coas seguintes medidas:

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo de suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. Tamén terá que acudir aos exames ou probas de carácter cualificador.
- f) Cambio de centro.

9.3.5. Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia

A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaranse a cabo da seguinte maneira:

1. O profesorado da/o alumna/o, oído este dará conta á xefatura de estudos a través do parte establecido para tal fin. Para isto deberase cubrir o parte de incidencias e enviar ao alumno ou alumna á xefatura de estudos quen recibirá ao alumno ou alumna, falará con el/ela e posteriormente cargará a falta no XADE, rexistrará unha incidencia no Abalar ou telefonará aos/pais/nais/titores/as legais informándolles da cuestión.
2. A xefatura de estudos no caso das medidas previstas no caso das medidas c, d, e do apartado de medidas correctoras leves contrarias á convivencia.
3. A dirección do centro, oídos a/o alumna/o e a súa profesora ou profesor ou titor/a, no caso das medidas previstas f),g) h) do apartado de medidas correctoras leves contrarias á convivencia. A imposición destas medidas correctoras comunicárase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como ao Observatorio da Convivencia Escolar do centro.

As resolucións que impoñen as medidas correctoras ás que se refire este apartado poñen fin a vía administrativa e son inmediatamente executivas.



9.3.6. Procedemento para imposición de medidas correctoras de condutas graves contrarias á convivencia

1. As medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia só se poden impoñer logo da tramitación dun expediente disciplinario.
2. Corresponde acordar a incoación do procedemento á persoa titular da dirección do centro, por propia iniciativa, por petición motivada do profesorado ou da titora ou titor da alumna ou alumno ou da xefatura de estudos ou logo da denuncia doutros membros da comunidade educativa.
3. A incoación do procedemento notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que poden corresponder e o nome da profesora ou profesor que actuará como persoa instrutora. Así mesmo, comunicarase á inspección educativa.
4. No propio acordo de incoación ou en calquera momento da tramitación do procedemento, a persoa titular da dirección do centro pode adoptar motivadamente, por iniciativa propia ou por instancia do instrutor, como medidas provisionais o cambio temporal de grupo do/a alumno/a ou a suspensión do dereito ao centro ou a determinadas clases ou actividades, por un período non superior a cinco días lectivos. A adopción de medidas provisionais notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade.
5. Finalizada a instrución do procedemento a persoa instrutora formulará a proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou alumno e, se é menor de idade á nai ou pai ou á titora ou titor legal, convocándoos a unha comparecencia en horario lectivo na que poderán acceder a todo o actuado e da cal se levantará acta.
6. Realizado o trámite de audiencia, a persoa titular da dirección do centro ditará resolución motivada que se pronunciará sobre a conduta da/o alumna/o e impoñerá, se é o caso, a correspondente corrección, así como a obriga de reparar os danos producidos.
7. A resolución notificarse á nai ou pai ou á titora ou titor legal da/o alumna/o, ou a este se é maior de idade, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarase á inspección educativa.
8. A resolución da persoa titular da dirección do centro pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva. Contra a resolución da persoa titular da dirección do centro cabe instar a revisión ante o Consello Escolar no prazo de dez días lectivos.

9.3.7. Responsabilidade das/os nais/pais ou titoras/es legais do/a alumno/a



As audiencias e comparencias das/os nais/pais ou das/os titora/es legais do alumnado menor de idade nos procedementos disciplinarios regulados nestas normas son obrigatorias para eles, a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherente á patria potestade ou á tutela.



10. AULA DE CONVIVENCIA

10.1. AULA INCLUSIVA

10.1.1. Concepto

A aula inclusiva é un espazo cuxa vocación é substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible.

A dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido ou atendida na aula de convivencia inclusiva, garantido, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais, nais ou titores/as legais, se fose menor de idade non emancipado/a.

10.1.2. Criterios e condicións para a atención do alumnado na aula de convivencia inclusiva

A dirección do centro decidirá se o tempo no que se priva ao alumnado da asistencia aos centro cumprírase na aula inclusiva, previa consulta ao titor/a. Para iso valoráranse as circunstancias persoais, a gravidade da falta cometida e todas aquelas consideracións que determinen que é máis beneficioso: que quede no centro ou permaneza na casa.

O tempo que o alumnado permaneza na aula inclusiva, será dedicado a desenvolver as tarefas que o profesorado ten a obriga de proporcionar mentres dure a suspensión. Do mesmo xeito, a aula de convivencia inclusiva estará atendida polo profesorado de garda que lle corresponda en cada hora ou no seu defecto por un membro do equipo directivo ou membro do departamento de orientación.

11. MEDIACIÓN ESCOLAR

A mediación é unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos, na que unha terceira persoa axuda ás partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas.

Sen prexuízo dos procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, o centro poderá utilizar a mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito entre os membros da comunidade educativa.



As normas de convivencia incluídas nas normas de organización e funcionamento do centro establecerán os supostos nos que se aplicará a mediación escolar:

- A través da amizade, os/as xoves aprenden a practicar as habilidades da interacción social que se requiren para manter relacións, para controlar a comunicación, o conflito e para aprender a confiar no outro.
- Por isto a relación de amizade sensibiliza aos/ás xoves cara as necesidades dos outros e favorece a adaptación social. Ao tempo que axuda a crear unha imaxe máis axustada da súa propia persoa ao verse reflectidos na reacción dos outros.
- Esta interacción social promove o desenvolvemento cognitivo, ao permitir aos/ás rapaces/as predicir o comportamento dos outros, controlar a súa propia conduta e consecuentemente regular a súa interacción social. A cognición non se conceptualiza como un proceso illado do individuo, en todo caso, relaciónase con outros e benefíciase da súa influencia ou expresa nesta relación os seus logros individuais.
- Das relacións sociais forman parte indisoluble os procesos motivacionais, emocionais e de identidade.
- Cando os/as alumnos/as actúan no papel de axuda a súa autoestima e o propio exercicio de axuda, máis alá dun eficiente desenvolvemento das habilidades sociais que se requiren para levala a cabo, esíxelles o modelado no seu comportamento e nas súas actitudes.
- Isto supón que os/as alumnos/as que actuarán como figuras de xeito indirecto comprométense a mellorar a súa propia imaxe tanto polo seu realce persoal no exercicio do cargo, como na percepción que deles teñen o resto, polo que os maiores beneficiarios destes modelos sons os /as alumnos/as implicados en colaborar e prestar axuda.
- Dende a perspectiva da organización escolar basease na creación e formación dun colectivo do alumnado que é capaz de escoitar e acompañar nas súas necesidades a outros/as compañeiros/as conseguindo que os conflitos sexan detectados e intervidos en niveis baixos de intensidade e promovendo o interese colectivo polo seo tratamento.
- Con estes modelos constrúense procedementos para a xestión da convivencia co recurso dos propios compañeiros como elemento clave da intervención, no que o clima escolar tende a actitudes de protección e preocupación polo benestar do conxunto. Polo tanto, os sistemas de axuda promoven situacións de aprendizaxe no medio escolar nas que o alumnado escóitanse entre eles, preocúpense uns dos outros e axúdanse.
- Neste modelo crease un grupo de alumnos/as que, tras recibir unha formación en técnicas de escoita activa e desenvolvemento da empatía e resolución de problemas, axudan aos seus compañeiros/as en situacións de indefensións, confusión, dificultades académicas e dificultades de relación cos seus iguais e inclusive co profesorado.



- É unha proposta multidimensional que inclúe actividades de grupo e intervencións individuais.

- Constrúense a partir de grupos clase introducindo o papel de "alumno/a axudante" dentro da organización de aula, ao que se lle adxudican tarefas específicas no desenvolvemento do día a día. A diferenza do delegado de curso, este non está regulado por Regulamentos Orgánicos do Centro e non actúa como representante oficial do grupo, senón que as súas intervencións son actos voluntarios baseados nunha mellora da calidade das relacións.

Os obxectivos xerais do modelo son os seguintes:

1. Fomentar a colaboración, o coñecemento e a busca de solucións nos problemas interpersoais no ámbito escolar.
2. Mellorar a convivencia no centro educativo.
3. Reducir os casos de maltrato entre alumnos/as, así como prever o consumo de sustancias nocivas.
4. Promover a toma de decisións dos propio alumnado na resolución de conflitos e problemas de disciplina.
5. Incrementar os valores da cidadanía a través da responsabilidade compartida e a implicación na mellora do clima afectivo da Comunidade.

12. MECANISMOS PARA A DIFUSIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

O presente plan debe contar para a súa aprobación coa participación de toda a Comunidade Educativa como unha parte fundamental para a súa vixencia.

Unha vez aprobado debe ser convenientemente difundido entre os distintos sectores, utilizando todos os medios dispoñibles: edición escrita, publicación na páxina Web do Centro, comentarios continuados dos/as titores/as ante as familias e os/as alumnos/as.

Ao final do primeiro ano do seu desenvolvemento de xeito especial, e en cursos sucesivos, avaliarase este Plan en todos os termos para introducir se fose necesario as modificacións oportunas.

Para realizar o seguimento e a avaliación da convivencia escolar teranse en conta, entre outros, os informes anuais que realices as respectivas comisións de convivencia e as conclusións das memorias anuais dos respectivos plans de convivencia, así como a



memoria anual que elabore o Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia.